# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

## Afiliacións medias xaneiro 2010

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2010

**Instituto Galego de Estatística**
**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**
**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**
**Contacto: http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?**
**Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)**
**FAX: 981.54.13.23**
**Páxina Web : http://www.ige.eu**

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións[1] ao Sistema da Seguridade Social en Galicia durante o mes de xaneiro de 2010 acadou a cifra de 1.004.494 para o total do sistema o que supón un descenso respecto ao mes de decembro de 2009 de 16.631 afiliacións (un -1,63%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 17.546.011, rexistrando un descenso do 1,45% con respecto ao mes anterior.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2009 con xaneiro de 2010) obsérvase un descenso de 30.713 afiliacións no total do sistema en Galicia (un -2,97%), inferior á diminución do 3,50% (-635.732) no conxunto estatal.

**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2010 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| **España** | **17.546.011** | **-257.828** | **-1,45** | **-635.732** | **-3,50** |
| **Galicia** | **1.004.494** | **-16.631** | **-1,63** | **-30.713** | **-2,97** |
| Andalucia | 2.869.406 | -36.588 | -1,26 | -55.379 | -1,89 |
| Aragón | 541.328 | -6.970 | -1,27 | -15.631 | -2,81 |
| Asturias | 380.161 | -5.829 | -1,51 | -7.731 | -1,99 |
| Baleares | 366.517 | -6.124 | -1,64 | -19.917 | -5,15 |
| Canarias | 688.790 | -13.052 | -1,86 | -41.400 | -5,67 |
| Cantabria | 211.083 | -3.687 | -1,72 | -5.039 | -2,33 |
| Castilla La Mancha | 703.651 | -12.316 | -1,72 | -17.294 | -2,40 |
| Castilla y León | 915.800 | -17.192 | -1,84 | -20.441 | -2,18 |
| Cataluña | 3.080.239 | -41.585 | -1,33 | -144.353 | -4,48 |
| Comunidad Valenciana | 1.711.485 | -27.166 | -1,56 | -103.881 | -5,72 |
| Extremadura | 383.873 | -7.517 | -1,92 | 648 | 0,17 |
| Madrid | 2.814.175 | -34.951 | -1,23 | -116.214 | -3,97 |
| Murcia | 520.345 | -10.050 | -1,89 | -24.658 | -4,52 |
| Navarra | 263.904 | -3.985 | -1,49 | -6.482 | -2,40 |
| País Vasco | 925.761 | -12.254 | -1,31 | -23.248 | -2,45 |
| La Rioja | 124.378 | -1.591 | -1,26 | -3.161 | -2,48 |
| Ceuta y Melilla | 40.622 | -337 | -0,82 | -836 | -2,02 |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

[1] O Ministerio de Traballo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.




**Fonte**: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

Neste mes de xaneiro de 2010 descende o número medio de afiliacións á Seguridade Social con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é novamente a provincia que sufre o descenso máis forte nas afiliacións interanuais (a taxa de variación é do -3,82%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes con respecto ás do mes de decembro de 2009, son tamén todas as provincias as que experimentan un descenso da afiliación, Pontevedra con 6.511 afiliacións menos que no mes anterior (-1,83%) é a que acada unha maior baixada do número total de afiliados aínda que Ourense amosa unha taxa de variación do -1,84% polo descenso de 1982 afiliados. Este mes de xaneiro de 2010 a taxa de crecemento intermensual (entre xaneiro e decembro 2009) de Galicia é de -1,63% mentres que a de España é de -1,45%.

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2010 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 422.753 | -6.173 | -1,44 | -11.466 | -2,64 |
| LUGO | 125.942 | -1.965 | -1,54 | -3.051 | -2,37 |
| OURENSE | 105.788 | -1.982 | -1,84 | -2.295 | -2,12 |
| PONTEVEDRA | 350.011 | -6.511 | -1,83 | -13.901 | -3,82 |
| **GALICIA** | **1.004.494** | **-16.631** | **-1,63** | **-30.713** | **-2,97** |
| **ESPAÑA** | **17.546.011** | **-257.828** | **-1,45** | **-635.732** | **-3,50** |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 72,7% das afiliacións galegas en xaneiro de 2010, descenderon un 2,05% no último mes. Na comparativa interanual obsérvase un descenso do 5,23%. En España as taxas de variación do número medio de afiliacións ao réxime xeral foron do -1,87% (en relación a decembro de 2009) e do -6,36% (en relación a xaneiro de 2009). Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (64,0%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos por provincias, obsérvase un descenso xeneralizado da afiliación con respecto ao mes anterior. En taxas interanuais, todas as provincias presentan tamén un retroceso, o maior acádao a provincia de Pontevedra (-3,80%) e o menor a provincia de Ourense (-3,51%), sendo o descenso medio para Galicia un 3,68%.

No réxime especial agrario cabe destacar unha taxa interanual negativa no número de afiliacións medias en Lugo de -4,77%, mentres que as outras tres provincias aínda amosan taxas positivas que fan que Galicia amose unha taxa do 3,37% fronte a do 10,91% do conxunto de España.

Polo que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a xaneiro de 2009 son negativas en todas as provincias. A Coruña rexistra o maior descenso interanual, un 7,0% que é incluso superior ao descenso do 5,32% que rexístrase no total nacional.

No réxime especial de empregados do fogar só Ourense presenta unha taxa de crecemento interanual positiva, en A Coruña o descenso é do 1,18%, en Lugo do 0,35% e en Pontevedra é do 2,45%. No conxunto de Galicia a taxa interanual é do -1,14% fronte ao 1,07% nacional.




**Fonte**: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA DE XANEIRO 2010 | VARIACIÓNS RELATIVAS | |
|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | INTERANUAL |
| **TOTAL SISTEMA** | | | |
| A CORUÑA | 422.753 | -1,44 | -4,27 |
| LUGO | 125.942 | -1,54 | -4,08 |
| OURENSE | 105.788 | -1,84 | -3,71 |
| PONTEVEDRA | 350.011 | -1,83 | -5,88 |
| GALICIA | 1.004.494 | -1,63 | -4,76 |
| ESPAÑA | 17.546.011 | -1,45 | -5,32 |
| **R. XERAL** | | | |
| A CORUÑA | 316.657 | -1,75 | -4,53 |
| LUGO | 80.602 | -2,26 | -4,43 |
| OURENSE | 75.282 | -2,41 | -4,04 |
| PONTEVEDRA | 257739 | -2,25 | -6,65 |
| GALICIA | 730280 | -2,05 | -5,23 |
| TOTAL NACIONAL | 13.185.818 | -1,87 | -6,36 |
| **R. ESPECIAL AUTÓNOMOS** | | | |
| A CORUÑA | 89.572 | -0,44 | -3,60 |
| LUGO | 39.160 | -0,44 | -3,77 |
| OURENSE | 27.149 | -0,34 | -3,51 |
| PONTEVEDRA | 69.038 | -0,40 | -3,80 |
| GALICIA | 224.919 | -0,41 | -3,68 |
| ESPAÑA | 3.146.161 | -0,51 | -5,21 |
| **R. ESPECIAL AGRARIO** | | | |
| A CORUÑA | 1.431 | 0,42 | 8,08 |
| LUGO | 1.359 | -0,07 | -4,77 |
| OURENSE | 402 | -3,60 | 13,88 |
| PONTEVEDRA | 1.351 | 1,50 | 4,65 |
| GALICIA | 4.543 | 0,22 | 3,37 |
| ESPAÑA | 854.911 | 1,22 | 10,91 |
| **R. ESPECIAL DO MAR** | | | |
| A CORUÑA | 6.615 | -2,09 | -7,00 |
| LUGO | 1.969 | 3,47 | -0,76 |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 15.659 | -1,98 | -4,34 |
| GALICIA | 24.243 | -1,59 | -4,81 |
| ESPAÑA | 62.620 | -1,43 | -5,32 |
| **R. MINERÍA DO CARBÓN** | | | |
| A CORUÑA | 13 | -13,33 | -50,00 |
| LUGO | 0 | -- | -- |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 0 | -- | -- |
| GALICIA | 13 | -13,33 | -50,00 |
| ESPAÑA | 7.118 | -1,23 | -8,14 |
| **R. ESPECIAL EMPREGADOS FOGAR** | | | |
| A CORUÑA | 8.464 | -0,18 | -1,18 |
| LUGO | 2.853 | 0,28 | -0,35 |
| OURENSE | 2.955 | -0,47 | 1,06 |
| PONTEVEDRA | 6.224 | 0,05 | -2,45 |
| GALICIA | 20.496 | -0,09 | -1,14 |
| ESPAÑA | 289.383 | -0,03 | 1,07 |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## 4.- Evolución da afiliación




**Fonte**: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados**: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Rexímenes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

http://www.seg-social.es

http://www.mtas.es